

## ALBERGUE XUVENIL "AS SINAS" – (VILANOVA DE AROUSA)

### INFORMACIÓN XERAL:

<b>DATOS XERAIS:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Albergue con capacidade para 120 prazas en liteiras.</li><li>▪ Zona turística, a beira do mar, con abundante arboredo, zona verde e xardín.</li></ul>
<b>SITUACIÓN:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Está situado na ría de Arousa, entre as praias de As Sinas e Carón, a 4 Km. de Vilagarcía.</li></ul>
<b>ACCESOS:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Pola estrada de Vilagarcía a Vilanova de Arousa, dirección Cambados, na primeira rotonda á dereita pola costa.</li><li>▪ Autobuses e Ferrocarril a Vilagarcía de Arousa.</li></ul>
<b>ENDEREZO:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ "ALBERGUE XUVENIL AS SINAS"</li><li>▪ Praia das Sinas</li><li>▪ <u>VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)</u></li><li>▪ Tfno.: (986) 55.40.81</li></ul>

### QUENDAS E ACTIVIDADES:

QUENDAS	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
01-12/07/15	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ <b>ACTIVIDADES DO MAR:</b><ul style="list-style-type: none"><li>▪ Vela, Táboa, Piragüismo, Kaiak polo, aula de informática, etc.</li><li>▪</li></ul></li></ul>
17-28/07/15	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>IMPLICA-T CO AMBIENTE NATURAL:</b><ul style="list-style-type: none"><li>▪ Actividades de voluntariado relacionadas co emprendemento e outras de carácter náutico</li></ul></li></ul>
02-13/08/15	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ <b>OBXECTIVOS:</b><ul style="list-style-type: none"><li>▪ Acadar un ocio formativo ao carón das actividades do mar e no marco dunha intensa convivencia xuvenil, ca adquisición de experiencias e aptitudes que pidan ser fecundas no proceso de integración social.</li></ul></li></ul>
18-29/08/15	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Afondar no coñecemento de bioloxía mariña, ecoloxía do litoral da zona, no que afecta á fauna e flora.</li><li>▪ Incidir na idea lúdica e formativa con outras actividades complementarias: Balonmán, basket, obradoiros (música, xogos, etc). En resumo, o obxectivo fundamental e divertirse creando, convivindo, aprendendo e colaborando.</li></ul>

### **NORMAS XERAIS:**

1. Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste albergue.
2. Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao albergue, as **tarxetas sanitarias orixinais**, tanto as da Seguridade Social como as de MUFACE.
3. Para poder falar cos participantes, o horario será de **14:45 a 15,45** horas e de **21:30 a 22:00** horas. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. **Tendo en conta o elevado número de xoves e co fin de evitar que se colapsen as liñas telefónicas, debe evitarse chamar continuamente por teléfono**, (os participantes poderán facelo no seu tempo libre). Disporase dun teléfono de tarxeta e moedas
4. Ningún participante poderá abandonar o recinto do albergue sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, ou persoa adulta autorizada (**fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita**), debendo cubrir o impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores. De tódalas maneiras, **prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
5. Os medicamentos que estean a tomar os participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, **débese comunicar ao ATS do campamento**.
6. Os directores de actividades teñen prevista a organización dun "banco" de cartos e outro de móbiles